

4.2

industria



Obxectivo deste capítulo é analiza-la situación do sector industrial en Galicia. Tras unha aproximación desde un punto de vista xeral, o capítulo presenta catro grandes apartados, adicados ó sector enerxético, bens intermedios, bens de equipamento (faise especial mención á automoción e ó naval) e os bens de consumo (con salientable consideración para o téxtil). Para o estudo se parte da información facilitada polo IGE, o INE, Ardán, o Ministerio de Industria y Energía, a Asociación Española de Productos Petrolíferos, UNESA e maila Consellería de Industria.

A poboación ocupada no sector industrial acadou en 1999 un total de 169 miles de persoas (media anual), fronte ós 162,5 do ano anterior. As ramas de actividade máis importantes polo seu número de ocupados son as de fabricación de material de transporte, con 31,7 miles de traballadores, e as industrias de produtos alimenticios, bebidas e tabaco, con 28,8 miles,

seguidas das industrias do téxtil, que empregan a 22,1 miles de persoas.

Comparado co ano anterior, aumenta o número de ocupados en tódalas ramas agás na de produción, transporte e distribución de electricidade, gas e auga, onde se rexistra un descenso de 1,5 miles de ocupados, e nas industrias de produtos alimenticios, bebida e tabaco, con 1,4 miles de traballadores menos. Pola contra, as ramas que máis aumentan o seu emprego son as de coquerías, fabricación de produtos químicos e metais e a fabricación de produtos metálicos, con 2,4 miles de traballadores máis cada unha delas.

Unha primeira aproximación ó sector industrial está recollida nos **cadros 4.2.0.1., 4.2.0.2., 4.2.0.3., 4.2.0.4. e 4.2.0.5.**, onde se pode apreciar, dunha parte, que en 1998 o sector industrial galego (sen considerar as industrias relacionadas co sector primario, analizadas no punto anterior) está formado, segundo os

CADRO 4.2.0.1.

Grupo de actividades do sector industrial 1998

(en millóns de pesetas)

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
Enerxía	128	73.580,20	27.639,39	11.823,73	135.050,26	17
Bens intermedios	688	381.305,61	85.764,35	26.429,66	274.674,03	25
Bens de equipamento	1.353	1.375.475,52	213.407,27	55.292,55	663.518,83	32
Bens de consumo	879	623.576,02	117.409,74	43.597,49	410.587,36	34
Total	3.048	2.453.937,34	444.220,75	137.143,43	1.483.830,48	30
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	27,44%	44,14%	41,33%	46,94%	37,19%	

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.0.2.

Sector industrial 1997-98: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

(en millóns de pesetas)

Núcleos	1997	1998	98/97
Vigo	107.263,54	138.025,92	28,7
Arteixo	56.016,64	71.140,73	27,0
A Coruña	43.279,47	45.242,82	4,5
O Porriño	17.510,89	18.956,57	8,3
Santiago	13.459,54	16.722,36	24,2
San Cibrao das Viñas	9.823,21	11.205,60	14,1
Lugo	9.396,70	10.160,02	8,1
Ferrol	7.496,89	9.835,33	31,2

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.0.3.

Evolución da actividade no sector industrial 1997-98: ingresos, custos e resultados

	1997		1998		98/97
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Ingresos de explotación	2.057.139,07	100,00	2.453.937,34	100,00	19,3
Consumo e outros gastos de explotación	1.684.404,92	81,88	2.009.716,59	81,90	19,3
Valor engadido bruto a custo dos factores	372.734,15	18,12	444.220,75	18,10	19,2
Gastos de persoal	238.076,64	11,57	267.668,77	10,91	12,4
Resultado económico bruto da explotación	134.657,51	6,55	176.551,98	7,19	31,1
Amortizacións	55.330,14	2,69	67.238,69	2,74	21,5
Resultado económico neto da explotación	79.327,37	3,86	109.313,29	4,45	37,8
Resultado financeiro	- 5.597,59	-0,27	- 5.145,41	-0,21	8,1
Ingresos financeiros	22.266,52	1,08	21.211,40	0,86	-4,7
Gastos financeiros	27.864,11	1,35	26.356,80	1,07	-5,4
Resultado de actividades ordinarias	73.729,78	3,58	104.167,89	4,24	41,3
Resultado de actividades extraordinarias	3.792,14	0,18	- 3.624,00	-0,15	-195,6
Resultado antes de impostos	77.521,91	3,77	100.543,89	4,10	29,7
Impostos	22.279,79	1,08	30.639,15	1,25	37,5
Resultado neto do exercicio	55.242,13	2,69	69.904,74	2,85	26,5
Cash-flow	110.572,26	5,38	137.143,43	5,59	24,0

Fonte: Ardán

criterios de selección considerados polo servizo de información Ardán, por 3.048 empresas, que supoñen o 27,4% do total de empresas consideradas. O valor engadido bruto a custo de factores xerado por estas empresas ascendeu a 444.220,8 millóns de pesetas en 1998, o 41,3% do total xerado polo conxunto de empresas seleccionadas, sendo o seu emprego medio de 30 traballadores por empresa.

O devandito **cadro 4.2.0.1.** amosa que este sector está composto polas industrias de enerxía, bens de equipamento, bens intermedios e bens de consumo. Este cadro reflicte que son as actividades relacionadas co subsector bens de equipamento as que engloban un maior número de empresas (1.353 empresas), xerando o 56,1% do total de ingresos de explotación e o 48% do valor engadido bruto a custo de factores do sector.

Atendendo ós núcleos de localización máis importantes, **cadro 4.2.0.2.**, as empresas deste sector concéntranse nas zonas de Vigo, Arteixo e A Coruña, que acaparan o 57,3% do VEB industrial galego a custo de factores. Destaca o crecemento do VEB xerado en Vigo (28,7%) e Arteixo (27%) respecto ó ano anterior.

Atendendo á **evolución da actividade:** ingresos, custos e resultados, o **cadro 4.2.0.3.** reflicte uns bos resultados para as empresas industriais, ó aumentar un 41,3% o seu resultado de actividades ordinarias e un 26,5% o resultado económico neto do exercicio. Estes bos resultados son debidos, en parte, ó incremento dos ingresos de explotación nun 19,3% respecto ó ano anterior. O VEBcf no caso da industria aumenta dun xeito similar, polo que o seu peso relativo se mantén practicamente constante no 18,1%, a diferenza do acontecido no conxunto de empresas galegas consideradas. O *cash-flow* aumenta un 24%, polo que o seu peso relativo medra desde o 5,4% de 1997 ata o 5,6% en 1998.

En relación ó **investimento e ó financiamento, cadro 4.2.0.4.**, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 17,6% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 157.375,2 millóns de pesetas, un 18,3% superior ó existente o ano anterior. O 82,4% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 50,3% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 12% respecto ó ano anterior, supoñen o 36,9% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 13%, cun peso relativo do 12,1% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 1.483.830,5 millóns de pesetas, un 15,6% superior ó valor de 1997, dos que 588.359,3 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 10,7% superior respecto ó ano anterior). Os 895.471,2 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 19% en relación a 1997.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, **cadro 4.2.0.5.**, a diminución do peso relativo dos gastos de persoal e unha caída da carga financeira tamén axudarían a explicala evolución dos resultados ordinarios. Asemade, o cadro reflicte unha aceleración no crecemento dos ingresos. En canto á rendibilidade e magnitudes asociadas, aumentan as rendibilidades económica e financeira por mor da evolución positiva das variables das que dependen.

Finalmente, a **poboación ocupada** na industria acadou en 1999 os 169 miles de persoas, un 3,9% (6,4 miles de persoas) superior ó existente no ano anterior, tal e como se deduce do **cadro 4.0.3.** (*Poboación ocupada 1998-1999: distribución por ramas de actividade*). Atendendo ás diferentes ramas de actividade, o devandito cadro amosa que tódalas ramas de

CADRO 4.2.0.4.

Evolución do investimento e do financiamento no sector industrial 1997-98

	1997		1998		98/97
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Activo total	1.283.846,49	100,00	1.483.830,48	100,00	15,6
Activo fixo (neto)	531.620,92	41,41	588.359,31	39,65	10,7
Gastos amortizables	7.567,21	0,59	10.004,88	0,67	32,2
Inmovilizado inmaterial	36.450,05	2,84	43.211,61	2,91	18,6
Inmovilizado material	385.319,84	30,01	423.128,50	28,52	9,8
Outro inmovilizado	101.463,80	7,90	111.619,56	7,52	10,0
Outro activo fixo	820,02	0,06	394,76	0,03	-51,9
Circulante neto	752.225,58	58,59	895.471,17	60,35	19,0
Existencias	237.047,87	18,46	281.462,74	18,97	18,7
Debedores	383.852,22	29,90	433.023,15	29,18	12,8
Tesourería	52.680,29	4,10	57.286,79	3,86	8,7
Outro activo circulante	78.645,20	6,13	123.698,49	8,34	57,3
Fontes de financiamento	1.283.846,49	100,00	1.483.830,48	100,00	15,6
Financiamento permanente	664.605,40	51,77	745.734,53	50,26	12,2
Fondos propios	488.711,06	38,07	547.268,11	36,88	12,0
Recursos alleos l/p	159.419,48	12,42	180.141,20	12,14	13,0
Ingresos distribuídos en varios exercicios	16.474,86	1,28	18.325,22	1,23	11,2
Acreedores a curto prazo	619.241,10	48,23	738.095,95	49,74	19,2
Fondo de rotación	132.984,48	10,36	157.375,22	10,61	18,3

Fonte: Ardán

actividade industrial, agás as relacionadas coa enerxía presentan un crecemento no número de ocupados. As industrias relacionadas coa fabricación de material de transporte e as industrias do téxtil, coiro, calzado e confeccións textís son as que acollen a un maior número de traballadores con 31,7 e 22,1 miles de persoas, respectivamente.

4.2.1.- Enerxía

Galicia produciu en 1999 un total de 22.518,4 millóns de kWh, o que representa o 11,4% do total producido en España. En 1999 a zona noroeste produciu 46.643 millóns de kWh (o 26,6% do total de España) en tanto que a súa demanda representou o 14,2% do total español. Esta é a primeira consideración que se tira dos datos facilitados polo Ministerio de Industria y Energía, o IGE, UNESA, e Ardán, que se utilizarán na análise deste subsector.

• A enerxía eléctrica.-

A **producción** eléctrica en Galicia descendeu en 1999 un 1,5% respecto ó ano anterior, a diferenza do acontecido no conxunto do Estado, onde a produción eléctrica medra un 5,5%. O **cadro 4.2.1.1.**, amosa que este descenso está motivado pola evolución da produción hidroeléctrica, que cae un 11,2% para situarse nos 6.800,5 millóns de kWh., e que compensa o crecemento da produción termoeléctrica (3,3%). Dada esta evolución, o peso relativo da produción bruta de electricidade galega no total español descendeu do 12,2% do ano 1998 ata o 11,4% do ano 1999. No caso da produción termoeléctrica e hidroeléctrica, os seus pesos relativos no total español no ano 1999 son, respectivamente, do 9,2% e do 24,4%.

O devandito **cadro 4.2.1.1.** reflicte tamén o predominio en Galicia da produción termoeléctrica fronte á hidroeléctrica. Así, a produc-

CADRO 4.2.0.5.

Sector industrial 1997-98: estudo económico-financieiro

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos Ingresos		V.E.B.c.f. / Ingresos		Gastos persoal / Ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / Ingresos		Carga financeira / Ingresos		Cash-flow / Ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
1998	12,24%	11,41%	19,23%	23,65%	13,14%	15,89%	3,43%	3,34%	0,95%	0,96%	2,94%	3,24%
1997	10,38%	10,26%	19,29%	24,26%	13,39%	16,54%	3,34%	3,18%	1,09%	1,12%	2,83%	3,06%

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
1998	6,94%	6,80%	3,58%	3,55%	1,92	1,89	18,24%	16,90%	2,69%	2,74%	2,48	2,46
1997	6,80%	6,62%	3,52%	3,46%	1,87	1,84	16,59%	14,92%	2,96%	3,09%	2,57	2,54

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.1.1.

Producción bruta de electricidad 1998-99 ⁽¹⁾

	Hidroeléctrica		
	1998	1999	99/98
	(en mWh.)		(%)
A Coruña	1.000.697	1.263.546	26,27
Lugo	1.654.258	1.416.390	-14,38
Ourense	4.862.278	3.976.543	-18,22
Pontevedra	140.834	144.004	2,25
Total	7.658.067	6.800.483	-11,20
Total España	36.813.559	27.837.998	-24,38

	Termoeléctrica		
	1998	1999	99/98
	(en mWh.)		(%)
A Coruña	14.915.739	15.374.254	3,07
Lugo	-	-	-
Ourense	102.167	116.298	13,83
Pontevedra	195.408	227.315	16,33
Total	15.213.314	15.717.867	3,32
Total España	151.069.396	170.439.550	12,82

	Total		
	1998	1999	99/98
	(en mWh.)		(%)
A Coruña	15.916.436	16.637.800	4,53
Lugo	1.654.258	1.416.390	-14,38
Ourense	4.964.445	4.092.841	-17,56
Pontevedra	336.242	371.319	10,43
Total	22.871.381	22.518.350	-1,54
Total España	187.882.955	198.277.548	5,53

(1) producción das centrais de 1000 Kw. ou máis
Fonte: *Ministerio de Industria y Energía*

CADRO 4.2.1.2.

Demanda de electricidad por zonas xeográficas 1999

	1999	99/98
	(en millóns de Kwh)	(%)
Catalana	31.182	1,6
Centro-Levante	49.088	8,0
Centro-norte	25.657	-0,3
Noroeste	24.107	4,5
Aragonesa	4.521	1,9
Andaluza	25.537	6,5
Peninsular	160.092	4,4
Extrapeninsular	9.341	8,1
Total	169.433	4,6

Fonte: *UNESA*

CADRO 4.2.1.3.

Índice de enerxía eléctrica distribuída 1998-99 ⁽¹⁾

	(1990=100)		
	Vivendas	Industria	Total
1998	177,6	112,1	126,5
1999	170,4	116,3	129,6
99/98	-4,0	3,8	2,4

(1) índice mensual
Fonte: *IGE*

CADRO 4.2.1.4.

Plantas de coxeneración en funcionamento 1998-99 ⁽¹⁾

	1998		1999	
	Plantas	Potencia nominal (en Kw)	Plantas	Potencia nominal (en Kw)
A Coruña	30	295.439	42	328.789
Lugo	4	17.609	6	22.155
Ourense	4	22.660	5	25.910
Pontevedra	14	57.754	18	72.606
Total	52	393.462	71	449.460

(1) datos a 31 de decembro de cada ano
 Fonte: Consellería de Industria

ción termoeléctrica representou en 1999 o 69,8% (66,5% o ano anterior) da produción eléctrica de Galicia fronte ó 30,2% da produción hidroeléctrica (33,5% en 1998).

A provincia de A Coruña acolle ó 73,9% da produción eléctrica total galega de 1999, seguida de Ourense co 18,2%. En A Coruña salienta a importancia da produción termoeléctrica –o 97,8% do total da produción termoeléctrica de Galicia–, en tanto que no caso da produción hidroeléctrica, a provincia de Ourense acolle o 58,5% da produción hidroeléctrica galega.

Pola banda da **demand**a de electricidade, o **cadro 4.2.1.2.** reflicte que a zona noroeste demandou en 1999 un total de 24.107 millóns de kwh, un 4,5% máis que o demandado no mesmo período do ano anterior. Comparada coas outras zonas de España, a zona noroeste é a segunda que menos demanda trala zona aragonesa, sendo o seu peso relativo no total español do 14,2%.

Respecto á **distribución** da enerxía eléctrica entre vivendas e industrias, o **cadro 4.2.1.3.** amosa o descenso do consumo no caso das vivendas (4,0% respecto ó ano anterior) e o crecemento do mesmo en relación ó ano anterior no caso da industria (3,8%).

Outra forma de obter enerxía eléctrica é a chamada **coxeneración**, que consiste na trans-

formación da enerxía desprendida nos procesos productivos das propias empresas. En Galicia funcionan un total de 71 plantas de coxeneración (**cadro 4.2.1.4.**), cunha potencia nominal de 449.460 Kw. O maior número de plantas e a produción máis importante corresponde á provincia de A Coruña: en termos porcentuais, as 42 empresas ubicadas nesa provincia, producen o 73,2% do total producido en Galicia.

• **Enerxías renovables.-**

Ó carón da enerxía eléctrica e a coxeneración, existen outras fontes de enerxía: as chamadas enerxías renovables ou alternativas. O **cadro 4.2.1.5.** reflicte que en 1999 a potencia instalada aumentou nun 7,3%, ata acadar os 3.401Mw. A enerxía renovable con maior potencia instalada é a hidráulica, con 2.759Mw, o que representa o 81,1% da potencia instalada neste tipo de enerxías e o 45% do consumo.

A potencia total das centrais minihidráulicas instaladas en Galicia en 1999 ascendía a 115Mw, é dicir, o 3,4% da potencia instalada en Galicia. A contribución da enerxía producida nestas centrais ó balance enerxético galego –electricidade neta xerada– acadou en 1999 as 32ktep, fronte ás 35ktep do ano anterior.

Nos últimos anos salienta o desenvolvemento da **enerxía eólica**. En Galicia, aumentou o número de parques eólicos e promotores ó longo de 1999, e a 30 de abril do 2000 había un total de 9 promotores e 29 parque eólicos (6

CADRO 4.2.1.5.

Situación das enerxías renovables de Galicia: 1998-99

	1998			1999 (1)		
	Potencia instalada (MW)	Producción eléctrica (Ktep)	Producción térmica (Ktep)	Potencia instalada (MW)	Producción eléctrica (Ktep)	Producción térmica (Ktep)
Hidráulica	2.759	635	-	2.759	526	-
Minihidráulica	115	35	-	115	32	-
Eólica	257	30	-	487	64	-
Biomasa	40	7	228	40	8	275
Solar	0,1	-	-	0,1	0,012	-
Total	3.171	707	228	3.401	630	275

(1) datos provisionais

Fonte: Xunta de Galicia, Libro branco da enerxía de Galicia, setembro 2000

CADRO 4.2.1.6.

Principais magnitudes económicas de Gas Galicia no exercicio 1999

Concellos con concesión administrativas		38
Número de usuarios (1)		37.501
Vendas de gas		
Mercado doméstico-comercial	(millóns de Tm.)	203,8
Mercado industrial		53,1
Ingresos por vendas de gas	(millóns de pesetas)	1.371,1
Lonxitude de redes (1)		399,0
Rede Media Presión "A"	(kms)	224,5
Rede Media Presión "B"		174,5
Inmovilizado Material Bruto	(millóns de pesetas)	8.844,9
Persoal medio	(persoas)	57

(1) os datos de usuarios e lonxitude da rede son a 31-12-1999
Fonte: Gas Galicia

promotores e 14 parques a 31 de decembro do ano 1998). Os máis importantes pola súa potencia son os de Vilalba e Bustelo, con 25,08Mw e 24,70Mw, respectivamente.

Xunto a estos parques eólicos en funcionamento, a 30 de abril do 2000 había un total de 47 parques en tramitación, onde salientan os de Pousadoiro, Serra de Meira, Ameixeira do Testeiro e Masgalán/Campo do Coco cunha potencia de 49,5Mw.

A potencia instalada nos parques eólicos en 1999 ascendeu a 487Mw (257Mw en 1998), o que provocou un aumento importante da enerxía xerada. A electricidade neta xerada acadou as 64ktep, fronte ás 30ktep de 1998. En termos porcentuais, a enerxía eólica representa o

14,3% da potencia instalada e o 10,2% da produción eléctrica en 1999.

A **biomasa** contribuíu cunha potencia instalada de 40Mw, unha produción eléctrica de 8ktep e unha produción térmica de 275ktep (o total galego). A Xunta de Galicia elaborou en 1999 un inventario das existencias de biomasa residual procedentes dos sistemas forestais (podas, claras, clareos, restos de cortas finais e outras) no que estimou un recurso de 995.000Tm/ano. Esta cantidade permitiría instalar 100Mw a partir do combustible xerado na limpeza de montes para obter unha enerxía de 70ktep.

• **Gas natural.-**

Ó finaliza-lo ano de 1999, o número de municipios con concesión administrativa era de

CADRO 4.2.1.7.

Movemento de crus e obtención de produtos petrolíferos nas CC.AA. 1999

(en miles de T.)

	Andalucía	Canarias	Castela - A Mancha	Cataluña	Comunidade Valenciana	Galicia	País Vasco	Murcia	Total España
Crus descargados									
Nacionales	—	—	—	309	—		1		310
Importados	15.465	4.079	7.415	7.790	4.718	5.107	8.931	4.364	57.869
Crus destilados	15.454	4.106	7.656	8.427	4.722	4.845	8.923	4.548	58.682
Productos obtidos									
Gas refinado	422	94	255	77	194	193	271	53	1.559
Butano	304	45	78	142	142	186	112	78	1.088
Propano	146	20	55	38	73	46	83	39	501
Gasolinas	2.220	500	1.130	883	1.099	1.193	2.058	574	9.657
Querosenos	1.516	651	908	581	385	109	117	192	4.461
Gasóleos	4.933	1.098	2.730	2.684	1.859	2.085	3.856	1.574	20.817
Fuelóleos	4.477	1.514	1.155	1.917	777	992	2.245	1.403	14.480
Outros	1.595	228	798	1.808	262	525	515	720	6.449

Fonte: Ministerio de Industria y Energía

CADRO 4.2.1.8.

Consumo de produtos petrolíferos 1998-99

1998

(en toneladas métricas)

	Gasolinas	Gasoleos	Querosenos	Fueloleos	Asfaltos	Total
A Coruña	175.966	617.017	20.125	290.163	-	1.103.271
Lugo	60.429	272.165	3	31.108	-	363.705
Ourense	60.042	206.467	-	39.482	175	306.166
Pontevedra	159.729	539.800	5.026	115.268	2.981	822.804
Total	456.166	1.635.449	25.154	476.021	3.156	2.595.946
Total España	8.402.161	20.456.093	3.759.556	6.361.342	1.242.285	40.221.437

1999

	Gasolinas	Gasoleos	Querosenos	Fueloleos	Asfaltos	Total
A Coruña	170.646	674.761	26.259	378.685	51	1.250.402
Lugo	58.504	313.623	1	30.725	-	402.853
Ourense	59.458	209.008	-	38.106	223	306.795
Pontevedra	157.025	596.621	8.975	102.736	-	865.357
Total	445.633	1.794.013	35.235	550.252	274	2.825.407
Total España	8.138.624	21.588.582	4.059.367	7.587.999	1.189.186	42.563.764

Fonte: Asociación Española de Operadores Petrolíferos

38 –14 en A Coruña, 2 en Lugo, 4 en Ourense e 18 en Pontevedra– ascendendo o número de usuarios a 37.501. A lonxitude da rede de transporte e distribución de gas natural en Galicia en 1999 ascendeu os 399 km, dos que 224,5km. corresponden á rede media presión “A” e 174,5km á rede media presión “B” (cadro 4.2.1.6.).

As vendas de gas dirixense fundamentalmente ó mercado doméstico comercial, que acolle o 79,3% das vendas totais de gas (203,8Mte.), dirixíndose o 20,7% restante (53,1Mte.) ó mercado industrial. No ano 1999, os ingresos globais por vendas de gas ascenderon a 1.371 millóns de pesetas.

CADRO 4.2.1.9.

Complexo electricidade, enerxía e auga 1998: actividades que comprende o grupo

(en millóns de pesetas)						
	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
Producción e distribución de enerxía eléctrica	38	24.723,17	10.802,44	6.876,49	77.952,79	12
Distribución de gas, combustible e auga	43	8.661,77	3.065,11	558,19	11.642,78	10
Extracción de hulla e lignito	2	19.390,83	12.322,68	4.006,45	39.691,03	392
Distrib. de carbón, miner., petróleo e pdtos. petr.	45	20.804,44	1.449,17	382,60	5.763,67	6
Total	128	73.580,21	27.639,40	11.823,73	135.050,27	17
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	1,15%	1,32%	2,57%	4,05%	3,39%	

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.1.10.

Complexo electricidade, enerxía e auga 1997-98: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

(en millóns de pesetas)			
Núcleos	1997	1998	98/97
A Coruña	14.415,88	14.511,80	0,7
Lugo	2.804,35	3.099,58	10,5
Santiago	2.220,13	2.969,26	33,7
Boiro	343,36	1.048,44	205,3
Cee	719,04	770,64	7,2
Vigo	573,05	679,75	18,6
Ortigueira	2,10	605,59	-
A Lama	501,27	406,65	-18,9

Fonte: Ardán

• **Productos petrolíferos.-**

En relación á oferta de produtos petrolíferos, o **cadro 4.2.1.7.** reflicte o movemento de crús e a obtención de produtos petrolíferos. En relación ós crús descargados, Galicia supón en torno ó 8,8% do total descargado, por diante de Canarias, Murcia e C. Valenciana.

Os produtos petrolíferos obtidos a partir do cru en Galicia representan o 9,0% do total de produtos obtidos en España. Predominan a produción de gasóleos, que supón o 39,1% do total de produtos obtidos en Galicia, seguido das gasolinas os fuelóleos co 22,4% e 18,6%, respectivamente.

En canto á **demanda** de produtos petrolíferos, o **cadro 4.2.1.8.** reflicte que o peso relativo do consumo de Galicia no total español é do 6,6%. Destacan, por unha banda, o peso

relativo do consumo de gasóleos e fuelóleos, que representan un peso relativo do 8,3% e 7,3%, respectivamente, e por outra, a escasa importancia relativa do consumo do queroseno e dos asfaltos co 0,9% e 0,02%, respectivamente. O devandito cadro indica que o consumo de gasóleos representa o 63,5% do total de produtos petrolíferos consumidos en Galicia, sendo o consumo de fuelóleo o segundo en importancia, co 19,5%

• **Indicadores empresariais.-**

Segundo o criterio de selección de empresas seguido polo Ardán, o sector enerxético estaba composta en 1998 por 128 (non se inclúe Endesa). Estas empresas xeraron un VEB de 27.639,4 millóns de pesetas (o 2,6% do total xerado polas empresas consideradas por Ardán) sendo o seu emprego medio de 17 traballadores por empresa.

CADRO 4.2.1.11.

Evolución da actividade no complexo electricidade, enerxía e auga 1997-98:
ingresos, custos e resultados

	1997		1998		98/97
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Ingresos de explotación	69.366,36	100,00	73.580,20	100,00	6,1
Consumo e outros gastos de explotación	44.613,66	64,32	45.940,81	62,44	3,0
Valor engadido bruto a custo dos factores	24.752,70	35,68	27.639,39	37,56	11,7
Gastos de persoal	11.119,42	16,03	10.556,41	14,35	-5,1
Resultado económico bruto da explotación	13.633,28	19,65	17.082,99	23,22	25,3
Amortizacións	4.593,67	6,62	5.847,60	7,95	27,3
Resultado económico neto da explotación	9.039,61	13,03	11.235,39	15,27	24,3
Resultado financeiro	- 1.435,61	-2,07	- 2.116,71	-2,88	-47,4
Ingresos financeiros	743,92	1,07	758,43	1,03	2,0
Gastos financeiros	2.179,53	3,14	2.875,14	3,91	31,9
Resultado de actividades ordinarias	7.604,00	10,96	9.118,68	12,39	19,9
Resultado de actividades extraordinarias	- 783,77	-1,13	- 691,68	-0,94	11,7
Resultado antes de impostos	6.820,23	9,83	8.427,00	11,45	23,6
Impostos	2.162,55	3,12	2.450,87	3,33	13,3
Resultado neto do exercicio	4.657,68	6,71	- 5.976,13	8,12	28,3
Cash-flow	9.251,35	13,34	11.823,73	16,07	27,8

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.1.12.

Evolución do investimento e do financiamento
no complexo electricidade, enerxía e auga 1997-98

	1997		1998		98/97
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Activo total	114.568,24	100,00	135.050,26	100,00	17,9
Activo fixo (neto)	83.520,83	72,90	97.093,83	71,89	16,3
Gastos amortizables	491,07	0,43	886,65	0,66	80,6
Inmovilizado inmaterial	1.790,51	1,56	2.113,77	1,57	18,1
Inmovilizado material	65.684,43	57,33	75.807,02	56,13	15,4
Outro inmovilizado	15.349,82	13,40	18.281,89	13,54	19,1
Outro activo fixo	205,00	0,18	4,50	0,00	-97,8
Circulante neto	31.047,41	27,10	37.956,44	28,11	22,3
Existencias	2.550,55	2,23	3.256,71	2,41	27,7
Debedores	21.012,15	18,34	21.001,54	15,55	-0,1
Tesourería	2.937,18	2,56	5.464,96	4,05	86,1
Outro activo circulante	4.547,52	3,97	8.233,23	6,10	81,0
Fontes de financiamento	114.568,24	100,00	135.050,26	100,00	17,9
Financiamento permanente	86.235,43	75,27	107.835,50	79,85	25,0
Fondos propios	48.850,05	42,64	55.551,79	41,13	13,7
Recursos alleos l/p	31.639,19	27,62	46.548,67	34,47	47,1
Ingresos distribuídos en varios exercicios	5.746,20	5,02	5.735,04	4,25	-0,2
Acreedores a curto prazo	28.332,81	24,73	27.214,76	20,15	-3,9
Fondo de rotación	2.714,60	2,37	10.741,68	7,95	295,7

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.1.13.

Complexo electricidade, enerxía e auga 1997-98: estudo económico-financeiro

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
1998	1,06%	11,41%	27,77%	23,65%	8,02%	15,89%	5,35%	3,34%	0,69%	0,96%	5,44%	3,24%
1997	-0,19%	10,26%	21,90%	24,26%	7,94%	16,54%	3,51%	3,18%	0,63%	1,12%	4,23%	3,06%

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
1998	8,80%	6,80%	5,90%	3,55%	1,89	1,89	19,06%	16,90%	2,39%	2,74%	1,38	2,46
1997	8,10%	6,62%	4,12%	3,46%	1,60	1,84	15,82%	14,92%	2,30%	3,09%	1,51	2,54

Fonte: Ardán

O grupo de actividade máis importante dentro deste subsector, atendendo ó número de empresas é, tal e como reflicte o **cadro 4.2.1.9.**, o correspondente á distribución de carbón, minerais, petróleo e produtos derivados (45), en tanto que son as dúas empresas de extracción de hulla e lignito as que xeran un maior VEB, ó xerar o 44,6% do VEB total do subsector enerxético.

En relación ós **núcleos de localización** segundo o VEB xerado polas empresas, **cadro 4.2.1.10.**, A Coruña é o núcleo máis importante ó xerar 14.511,8 millóns de pesetas, que significa o 52,5% do VEB total do subsector enerxético. Neste ano salienta non só o forte aumento do VEB xerado na área de Boiro, senón tamén que aparece Ortigueira como unha das zonas máis importantes, desbancando a San Cibrao de Viñas.

Centrando o estudo nos indicadores da **evolución da actividade**: ingresos, custos e resultados, **cadro 4.2.1.11.**, o sector enerxético presentou aumento do seu resultado de actividades ordinarias nun 19,9%, e do resultado neto do exercicio nun 28,3% respecto ó ano anterior. No mesmo período produciuse un crecemento do VEB a custo de factores do 11,7% e dos ingresos de explotación dun 6,1%. A diferenza do que acontece no conxunto do sector industrial considerado por Ardán (mantense constante) e do conxunto de empresas galegas consideradas (descende), o peso relativo do VEB do sector enerxético aumenta 1,88 puntos, ata acadalo 37,56%.

En relación ó **investimento** e ó **financiamento**, **cadro 4.2.1.12.** en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 28,3% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 10.741,7 millóns de pesetas, un 295,7% superior ó existente o ano anterior. O 71,7% restante está financiado polos acreedores a curto

prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 79,9% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 13,7% respecto ó ano anterior, supoñen o 41,1% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 47,1%, cun peso relativo do 34,5% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 135.050,3 millóns de pesetas, un 17,9% superior ó valor de 1997, dos que 97.093,8 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 16,3% superior respecto ó ano anterior). Os 37.956,4 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 22,3% en relación a 1997.

Finalmente, no que ó **estudio económico e financeiro**, **cadro 4.2.1.13.**, salienta-lo crecemento dos ingresos, o lixeiro aumento do peso relativo dos gastos de persoal, e o crecemento da carga financeira. As rendibilidades económica e financeira antes de impostos aumentan no período 97-98. A primeira por mor da mellora significativa da marxe e da rotación de activos, e a segunda porque mellora a rendibilidade económica, a pesares do incremento do custo da débeda.

4.2.2.- Bens intermedios

A industria de bens intermedios está composta polos subsectores de minerais non metálicos, produtos químicos e derivados e a industria auxiliar. De acordo co criterio de selección de Ardán, o **cadro 4.2.2.1.** reflicte que esta industria comprende, no ano 1998, 688 empresas (o 6,2% do total das empresas galegas consideradas). Estas empresas xeran o 6,9% dos ingresos de explotación totais das empresas consideradas na mostra, e o 8,0% do VEB aportado polas mesmas, presentando un emprego medio de 25 traballadores por empresa.

CADRO 4.2.2.1.

Sector de bens intermedios 1998: actividades que comprende o grupo

(en millóns de pesetas)

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
Minerais non metálicos	200	83.439,00	33.400,72	10.775,03	89.812,46	33
Productos químicos e derivados	186	142.287,82	20.079,12	6.283,99	71.577,26	19
Industria auxiliar	302	155.578,79	32.284,51	9.370,64	113.284,31	23
Total	688	381.305,61	85.764,35	26.429,66	274.674,03	25
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	6,19%	6,86%	7,98%	9,05%	6,89%	

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.2.2.

Sector de bens intermedios 1997-98: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

(en millóns de pesetas)

Núcleos	1997	1998	98/97
O Porriño	11.736,61	12.821,32	9,2
Vigo	7.680,87	8.593,42	11,9
Carballada	7.789,13	7.684,17	-1,3
Barco de Valdeorras	4.969,09	5.327,05	7,2
A Coruña	4.665,38	5.051,05	8,3
Narón	7.637,42	4.112,68	-46,2
Arteixo	3.081,95	3.278,84	6,4
Mos	2.470,53	2.602,33	5,3

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.2.3.

Evolución da actividade no sector de bens intermedios 1997-98: ingresos, custos e resultados

	1997		1998		98/97
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Ingresos de explotación	356.452,27	100,00	381.305,61	100,00	7,0
Consumo e outros gastos de explotación	275.198,16	77,20	295.541,26	77,51	7,4
Valor engadido bruto a custo dos factores	81.254,11	22,80	85.764,35	22,49	5,6
Gastos de persoal	46.943,32	13,17	50.251,74	13,18	7,0
Resultado económico bruto da explotación	34.310,79	9,63	35.512,61	9,31	3,5
Amortizacións	10.810,12	3,03	10.955,51	2,87	1,3
Resultado económico neto da explotación	23.500,67	6,59	24.557,10	6,44	4,5
Resultado financeiro	- 2.974,47	-0,83	- 3.468,49	-0,91	-16,6
Ingresos financeiros	4.022,51	1,13	3.096,63	0,81	-23,0
Gastos financeiros	6.996,98	1,96	6.565,12	1,72	-6,2
Resultado de actividades ordinarias	20.526,21	5,76	21.088,61	5,53	2,7
Resultado de actividades extraordinarias	3.134,27	0,88	1.089,07	0,29	-65,3
Resultado antes de impostos	23.660,47	6,64	22.177,68	5,82	-6,3
Impostos	7.273,66	2,04	6.703,53	1,76	-7,8
Resultado neto do exercicio	16.386,81	4,60	15.474,15	4,06	-5,6
Cash-flow	27.196,93	7,63	26.429,66	6,93	-2,8

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.2.4.

**Evolución do investimento e do financiamento
no sector de bens intermedios 1997-98**

	1997		1998		98/97
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Activo total	258.371,15	100,00	274.674,03	100,00	6,3
Activo fixo (neto)	98.940,64	38,29	107.656,78	39,19	8,8
Gastos amortizables	1.313,45	0,51	1.399,26	0,51	6,5
Inmovilizado inmaterial	7.420,35	2,87	8.577,20	3,12	15,6
Inmovilizado material	74.116,42	28,69	81.800,37	29,78	10,4
Outro inmovilizado	15.821,58	6,12	15.735,68	5,73	-0,5
Outro activo fixo	268,85	0,10	144,28	0,05	-46,3
Circulante neto	159.430,51	61,71	167.017,25	60,81	4,8
Existencias	42.503,20	16,45	43.398,13	15,80	2,1
Debedores	89.245,03	34,54	91.155,25	33,19	2,1
Tesourería	13.387,63	5,18	15.710,97	5,72	17,4
Outro activo circulante	14.294,65	5,53	16.752,90	6,10	17,2
Fontes de financiamento	258.371,15	100,00	274.674,03	100,00	6,3
Financiamento permanente	137.331,71	53,15	144.216,77	52,50	5,0
Fondos propios	110.033,89	42,59	114.776,96	41,79	4,3
Recursos alleos l/p	23.885,60	9,24	26.485,57	9,64	10,9
Ingresos distribuídos en varios exercicios	3.412,22	1,32	2.954,24	1,08	-13,4
Acreedores a curto prazo	121.039,44	46,85	130.457,25	47,50	7,8
Fondo de rotación	38.391,07	14,86	36.560,00	13,31	-4,8

Fonte: Ardán

Atendendo ós distintos subsectores que comprende o grupo, o subsector da industria auxiliar é o máis importante no que ó número de empresas (302) e ó volume dos ingresos de explotación (40,8%) se refire, en tanto que as 200 empresas consideradas no conxunto de actividades de minerais non metálicos superan ó primerio no caso da xeración do VEB (38,9% e 37,6%, respectivamente, do VEB total xerado pola industria de bens intermedios).

Tal e como reflicte o **cadro 4.2.2.2.**, O Porriño e Vigo son os principais **núcleos de localización** das empresas atendendo ó seu VEB xerado a custo de factores no ano 1998. Estas dúas áreas pontevedresas presentan o 25% do VEB xerado polas industrias galegas de bens intermedios.

Segundo o **cadro 4.2.2.3.** que recolle a **evolución da actividade:** ingresos, custos e

resultados, o sector dos bens intermedios non presenta unha situación tan boa como as vistas ata agora. No ano 1998 prodúcese un crecemento do VEB a custo de factores dun 5,6% respecto ó ano anterior, ó mesmo tempo que se observa un aumento do resultado ordinario (2,7%) e a redución do resultado neto do exercicio nun 5,6%. Asemade, apréciase unha caída do *cash-flow* respecto ós ingresos de explotación, que pasa de 7,6% en 1997 ó 6,9% de 1998, e do peso relativo do VEB no total dos ingresos de explotación, que pasa dun 22,8% en 1997 ata o 22,5% do ano 1998.

En relación ó **investimento** e ó **financiamento**, **cadro 4.2.2.4.**, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 21,9% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 36.560 millóns de pesetas, un 4,8% inferior ó existente o ano anterior. O 78,1% restante está financia-

CADRO 4.2.2.5.

Sector de bens intermedios 1997-98: estudo económico-financeiro

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / Ingresos		Gastos persoal / Ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / Ingresos		Carga financeira / Ingresos		Cash-flow / Ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
1998	12,40%	11,41%	28,33%	23,65%	18,18%	15,89%	4,37%	3,34%	1,16%	0,96%	4,71%	3,24%
1997	11,12%	10,26%	27,31%	24,26%	18,69%	16,54%	4,28%	3,18%	1,39%	1,12%	4,44%	3,06%

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
1998	7,43%	6,80%	4,68%	3,55%	1,64	1,89	17,52%	16,90%	3,05%	2,74%	2,25	2,46
1997	7,71%	6,62%	4,56%	3,46%	1,62	1,84	17,04%	14,92%	3,52%	3,09%	2,29	2,54

Fonte: Ardán

do polos acreedores a curto prazo. No concenrente ás fontes de financiamento, o 52,5% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 4,3% respecto ó ano anterior, supoñen o 41,8% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 10,9%, cun peso relativo do 9,6% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 274.674 millóns de pesetas, un 6,3% superior ó valor de 1997, dos que 107.656,8 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 8,8% superior ó existente o ano anterior). Os 167.017,3 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 4,8% en relación a 1997.

En canto á **análise económica financeira**, **cadro 4.2.2.5.**, prodúcese unha aceleración no crecemento dos ingresos, e unha diminución do peso relativo dos gastos de persoal e da carga financeira. A rendibilidade económica diminúe ata o 7,43% mentres que a rendibilidade financeira antes de impostos crece no período 97-98 por mor da redución do custo da débeda.

En canto ó **comercio exterior** se refire, o **cadro 4.0.11.** (*Comercio exterior 1999: distribución segundo sectores*) amosa que existe un superávit no saldo comercial de bens de intermedios (2.819 millóns de pesetas) por mor do comportamento de “outras semimanufacturas” que compensa o saldo negativo da balanza comercial de produtos químicos (10.886 millóns) e dos metais (28.153 millóns).

Dentro destas industrias salienta-la importancia da **industria extractiva** (capítulo 68, manufacturas de pedra, xeso, cemento, amianto, mica ou materias análogas) para a economía galega. As exportacións destes produtos acadan un valor de 44.434 millóns de pesetas (o 33,4% do total das exportacións de semimanufacturas), sendo o cuarto capítulo exportador da

economía galega (4,6% do total das exportacións). Por provincias, destaca Ourense, que aporta o 57,5% do total das exportacións do capítulo 68.

Segundo o criterio de selección de empresas de Ardán, esta industria (lousa, granito e outros minerais non metálicos) estaría composta por 200 empresas (1,8% do total de empresas consideradas) que producen o 3,1% do VEB a custo de factores (33.400,7 millóns de pesetas). En Galicia pódense distinguir dúas grandes zonas de xeración do VEB: por unha banda, a parte oriental da provincia de Ourense (Carballada e Barco de Valdeorras) e o sur da provincia de Lugo (Quiroga) –fundamentalmente, lousa–, que estarían xerando o 42,3% do VEB total do subsector, e pola outra banda, hai que considera-lo sur da provincia de Pontevedra, onde Vigo e O Porriño –principalmente granito– producen o 17% do VEB xerado por esta actividade en Galicia.

4.2.3.- Bens de equipamento

A análise da industria de bens de equipamento baséase na información facilitada polo Ardán, a Dirección Territorial de Comercio en Galicia, o cluster de empresas de automoción (Ceaga) e mailo IGE.

O conxunto da industria de bens de equipamento en 1998 está formado, de acordo cos criterios de selección de Ardán, por 1.353 empresas (o 12,2% do total de empresas consideradas polo Ardán). Estas empresas xeran o 24,7% dos ingresos de explotación totais das empresas seleccionadas, e o 19,9% do VEB a custo de factores, o que dá unha imaxe da importancia da industria de bens de equipamento para a economía galega.

Atendendo os distintos compoñentes desta industria, reflectidos no **cadro 4.2.3.1.**, o subsector maquinaria e equipamento é quen conta

CADRO 4.2.3.1.

Sector de bens de equipamento 1998: actividades que comprende o grupo

(en millóns de pesetas)

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
Maquinaria e equipamento	782	278.469,22	58.299,34	14.099,19	186.455,41	16
Automoción	453	978.923,91	123.517,31	41.385,71	347.398,46	48
Naval	118	118.082,39	31.590,62	- 192,35	129.664,97	65
Total	1.353	1.375.475,52	213.407,27	55.292,55	663.518,84	32
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	12,18%	24,74%	19,86%	18,93%	16,63%	

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.3.2.

Sector de bens de equipamento 1997-98: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

(en millóns de pesetas)

Núcleos	1997	1998	98/97
Vigo	94.228,82	123.608,40	31,2
A Coruña	17.042,24	17.640,37	3,5
Santiago	8.820,81	10.919,08	23,8
Fene	2.953,65	6.751,40	128,6
Ferrol	3.984,90	5.849,71	46,8
San Cibrao das Viñas	4.214,95	5.292,48	25,6
O Porriño	4.919,42	5.060,43	2,9
Mos	3.633,18	3.927,95	8,1

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.3.3.

Evolución da actividade no sector de bens de equipamento 1997-98: ingresos, custos e resultados

	1997		1998		98/97
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Ingresos de explotación	1.115.948,45	100,00	1.375.475,52	100,00	23,3
Consumo e outros gastos de explotación	946.728,93	84,84	1.162.068,25	84,48	22,7
Valor engadido bruto a custo dos factores	169.219,51	15,16	213.407,27	15,52	26,1
Gastos de persoal	122.697,72	10,99	139.566,66	10,15	13,7
Resultado económico bruto da explotación	46.521,80	4,17	73.840,60	5,37	58,7
Amortizacións	28.153,19	2,52	37.040,97	2,69	31,6
Resultado económico neto da explotación	18.368,61	1,65	36.799,63	2,68	100,3
Resultado financeiro	- 5.533,19	-0,50	- 5.103,45	-0,37	7,8
Ingresos financeiros	6.658,21	0,60	5.705,05	0,41	-14,3
Gastos financeiros	12.191,40	1,09	10.808,50	0,79	-11,3
Resultado de actividades ordinarias	12.835,42	1,15	31.696,18	2,30	146,9
Resultado de actividades extraordinarias	2.409,13	0,22	- 3.368,68	-0,24	-
Resultado antes de impostos	15.244,54	1,37	28.327,51	2,06	85,8
Impostos	4.855,15	0,44	10.075,93	0,73	107,5
Resultado neto do exercicio	10.389,40	0,93	18.251,58	1,33	75,7
Cash-flow	38.542,58	3,45	55.292,55	4,02	43,5

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.3.4.

*Evolución do investimento e do financiamento
no sector de bens de equipamento 1997-98*

	1997		1998		98/97
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Activo total	570.442,47	100,00	663.518,83	100,00	16,3
Activo fixo (neto)	179.613,63	31,49	183.262,97	27,62	2,0
Gastos amortizables	1.643,77	0,29	2.269,69	0,34	38,1
Inmovilizado inmaterial	6.380,23	1,12	7.715,37	1,16	20,9
Inmovilizado material	154.551,43	27,09	158.104,54	23,83	2,3
Outro inmovilizado	16.749,53	2,94	14.965,39	2,26	-10,7
Outro activo fixo	288,67	0,05	207,98	0,03	-28,0
Circulante neto	390.828,84	68,51	480.255,87	72,38	22,9
Existencias	139.052,60	24,38	170.549,79	25,70	22,7
Debedores	204.588,13	35,86	233.474,77	35,19	14,1
Tesourería	20.977,98	3,68	22.933,56	3,46	9,3
Outro activo circulante	26.210,13	4,59	53.297,75	8,03	103,3
Fontes de financiamento	570.442,47	100,00	663.518,83	100,00	16,3
Financiamento permanente	250.508,62	43,91	274.738,92	41,41	9,7
Fondos propios	182.979,47	32,08	207.706,96	31,30	13,5
Recursos alleos l/p	61.460,77	10,77	59.572,75	8,98	-3,1
Ingresos distribuídos en varios exercicios	6.068,39	1,06	7.459,21	1,12	22,9
Acreedores a curto prazo	319.933,85	56,09	388.779,91	58,59	21,5
Fondo de rotación	70.895,00	12,43	91.475,95	13,79	29,0

Fonte: Ardán

cun maior número de empresas, 782 empresas, aínda que é o subsector da automoción quen presenta un maior volume de ingresos de exportación (978.923,9 millóns de pesetas) e de VEB a custo de factores (123.517,3 millóns), que significan, respectivamente, o 71,2% e o 57,9% do total xerado neste subsector industrial.

Por mor do peso, principalmente, da automoción, Vigo é o principal **núcleo de localización** das empresas desta industria segundo o valor engadido bruto xerado por elas. Tras un crecemento do 31,2% respecto ó ano anterior, o VEB xerado en Vigo ascendeu a 123.608,4 millóns de pesetas, o que significa o 57,9% do total xerado neste subsector (**cadro 4.2.3.2.**).

Segundo o **cadro 4.2.3.3.**, que recolle a **evolución da actividade**: ingresos, custos e resultados, o ano 1998 pode ser considerado un moi bo ano para as empresas deste subsector.

Por unha banda, aumentou un 146,9% o resultado de actividades ordinarias e o resultado neto do exercicio un 75,7%. En relación con esta boa evolución, os ingresos de explotación aumentaron un 23,3% respecto ó ano anterior. O VEB medrou un 26,1% en 1998, polo que o seu peso relativo creceu desde o 15,16% de 1997 ata ó 15,52% de 1998.

En relación ó **investimento** e ó **financiamento**, **cadro 4.2.3.4.**, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 19% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 91.476 millóns de pesetas, un 29% superior ó existente o ano anterior. O 81% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concenrente ás fontes de financiamento, o 41,4% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 13,5% respecto ó ano anterior, supoñen o 31,3% do finan-

CADRO 4.2.3.5.

Sector de bens de equipamento 1997-98: estudo económico-financeiro

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
1998	14,34%	11,41%	16,07%	23,65%	11,27%	15,89%	3,12%	3,34%	0,87%	2,43%	3,24%	
1997	10,17%	10,26%	16,37%	24,26%	11,86%	16,54%	3,15%	3,18%	1,04%	2,35%	3,06%	

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
1998	6,95%	6,80%	3,19%	3,55%	2,05	1,89	19,25%	16,90%	2,58%	2,74%	2,74	2,46
1997	6,57%	6,62%	3,25%	3,46%	1,98	1,84	17,01%	14,92%	2,88%	3,09%	2,77	2,54

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.3.6.

Complexo da automoción 1998: actividades que comprende o grupo

	Empresas	Ingresos de explotación	(en millóns de pesetas)			Emprego medio
			V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	
Automoción e compoñentes	40	717.042,74	97.603,88	36.457,58	253.782,24	366
Venda de vehículos, repostos e accesorios	413	261.881,17	25.913,43	4.928,13	93.616,22	17
Total	453	978.923,91	123.517,31	41.385,71	347.398,46	48
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	4,08%	17,61%	11,49%	14,17%	8,71%	

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.3.7.

Complexo da automoción 1997-98: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

Núcleos	(en millóns de pesetas)		
	1997	1998	98/97
Vigo	71.119,62	97.516,61	37,1
Santiago	3.850,94	4.747,47	23,3
A Coruña	3.236,20	3.502,43	8,2
Lugo	2.001,12	2.197,58	9,8
Mos	1.959,24	2.115,51	8,0
Ourense	1.344,57	1.804,73	34,2
San Cibrao das Viñas	950,85	1.609,61	69,3
Oleiros	1.098,24	1.248,67	13,7

Fonte: Ardán

ciamento total. Os recursos alleos a longo prazo descendieron un 3,1%, cun peso relativo do 9% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 663.518,8 millóns de pesetas, un 16,3% superior ó valor de 1997, dos que 183.263 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 2% máis que o ano anterior). Os 480.255,9 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 22,9% en relación a 1997.

En canto ó **estudio económico financeiro**, o **cadro 4.2.3.5.** reflicte unha redución do peso relativo dos gastos de persoal e da carga financeira, o que explicaría parte do incremento dos resultados mencionado anteriormente. Asemade, prodúcese unha aceleración no crecemento dos ingresos. A rendibilidade económica aumenta por mor da mellora da rotación de activos, e a rendibilidade financeira antes de

impostos crece no período 97-98 por mor da mellora da rendibilidade económica e da redución do custo da débeda.

En relación ó comercio exterior de bens de equipamento, o **cadro 4.0.11.** (*Comercio exterior 1999: distribución segundo sectores*) reflicte que no ano 1999 o saldo da balanza comercial destas actividades presenta un superávit de 28.228 millóns de pesetas dado que o superávit da balanza de materiais de transporte (94.349 millóns) compensa o saldo negativo da balanza comercial de maquinaria mecánica e eléctrica (66.122 millóns).

A provincia de Pontevedra realiza a maior parte das exportacións e das importacións, dado o efecto da factoría Citroën en Vigo. Esta provincia acolle o 88,5% e o 89,1% do valor total das importacións e das exportacións galegas deste subsector.

CADRO 4.2.3.8.

**Evolución da actividade no complexo da automoción 1997-98:
ingresos, custos e resultados**

	1997		1998		98/97
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Ingresos de explotación	797.530,82	100,00	978.923,91	100,00	22,7
Consumo e outros gastos de explotación	704.105,91	88,29	855.406,60	87,38	21,5
Valor engadido bruto a custo dos factores	93.424,91	11,71	123.517,31	12,62	32,2
Gastos de persoal	64.450,39	8,08	74.247,95	7,58	15,2
Resultado económico bruto da explotación	28.974,52	3,63	49.269,36	5,03	70,0
Amortizacións	21.632,00	2,71	30.084,19	3,07	39,1
Resultado económico neto da explotación	7.342,52	0,92	19.185,17	1,96	161,3
Resultado financeiro	- 657,51	-0,08	- 502,25	-0,05	23,6
Ingresos financeiros	3.645,39	0,46	3.164,97	0,32	-13,2
Gastos financeiros	4.302,90	0,54	3.667,22	0,37	-14,8
Resultado de actividades ordinarias	6.685,01	0,84	18.682,93	1,91	179,5
Resultado de actividades extraordinarias	651,67	0,08	- 1.582,13	-0,16	-
Resultado antes de impostos	7.336,68	0,92	17.100,79	1,75	133,1
Impostos	1.940,95	0,24	5.799,28	0,59	198,8
Resultado neto do exercicio	5.395,72	0,68	11.301,52	1,15	109,5
Cash-flow	27.027,73	3,39	41.385,71	4,23	53,1

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.3.9.

Evolución do investimento e do financiamento no complexo da automoción 1997-98

	1997		1998		98/97
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Activo total	295.646,66	100,00	347.398,46	100,00	17,5
Activo fixo (neto)	107.406,92	36,33	107.573,17	30,97	0,2
Gastos amortizables	368,47	0,12	399,13	0,11	8,3
Inmovilizado inmaterial	1.295,32	0,44	1.640,50	0,47	26,6
Inmovilizado material	99.844,84	33,77	98.139,05	28,25	-1,7
Outro inmovilizado	5.812,71	1,97	7.333,42	2,11	26,2
Outro activo fixo	85,58	0,03	61,08	0,02	-28,6
Circulante neto	188.239,75	63,67	239.825,29	69,03	27,4
Existencias	71.667,51	24,24	86.484,79	24,89	20,7
Debedores	107.955,27	36,51	124.166,19	35,74	15,0
Tesourería	6.152,95	2,08	7.446,52	2,14	21,0
Outro activo circulante	2.464,02	0,83	21.727,79	6,25	781,8
Fontes de financiamento	295.646,66	100,00	347.398,46	100,00	17,5
Financiamento permanente	139.423,83	47,16	153.841,41	44,28	10,3
Fondos propios	122.236,97	41,35	134.366,58	38,68	9,9
Recursos alleos I/p	16.079,24	5,44	17.949,08	5,17	11,6
Ingresos distribuídos en varios exercicios	1.107,61	0,37	1.525,76	0,44	37,8
Acreedores a curto prazo	156.222,84	52,84	193.557,05	55,72	23,9
Fondo de rotación	32.016,91	10,83	46.268,24	13,32	44,5

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.3.10.

Complexo da automoción 1997-98:

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / Ingresos		Gastos persoal / Ingresos		Rtdo. ec. n. explotación. / Ingresos		Carga financeira / Ingresos		Cash-flow / Ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
1998	13,68%	11,41%	11,72%	23,65%	8,54%	15,89%	2,25%	3,34%	0,79%	0,96%	1,71%	3,24%
1997	9,57%	10,26%	11,68%	24,26%	8,73%	16,54%	2,30%	3,18%	0,89%	1,12%	1,75%	3,06%

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
1998	6,04%	6,80%	2,33%	3,55%	2,47	1,89	16,71%	16,90%	2,52%	2,74%	2,83	2,46
1997	6,00%	6,62%	2,52%	3,46%	2,32	1,84	14,33%	14,92%	2,91%	3,09%	2,83	2,54

Fonte: Ardán

• **Automoción.-**

A produción de vehículos automóbiles en Galicia descendeu un 1,8% respecto ó ano anterior, para situarse nos 332.517 vehículos no último ano.

En 1999, o *cluster* do automóbil estaba composto por 46 empresas integradas en Ceaga, cunha facturación anual de 182.000 millóns de pesetas (165.000 millóns en 1998). Estas empresas empregan un total de 7.200 traballadores, fronte ós 6.200 do ano anterior.

Como reflicte o **cadro 4.2.3.6.**, de acordo co criterio de selección de empresas seguido por Ardán, o subsector da automoción estaba composto por 453 empresas, o 4,1% do total de empresas consideradas, que xeraban o 17,6% dos ingresos de explotación do conxunto de empresas seleccionadas e o 11,5% do valor engadido bruto a custo de factores.

O subsector de automoción está composto por dous grandes **subgrupos de actividade**, un correspondente á automoción e compoñentes, que a pesar de contar con 40 empresas xera o 73,2% dos ingresos de explotación deste subsector e o 79% do VEB. O outro subgrupo de actividade é o correspondente á venda de vehículos, repostos e accesorios, que conta con 413 empresas.

Xeograficamente, salienta-la importancia da área de Vigo en canto ó VEB a custo de factores xerado polas empresas, dada a actividade da factoría Citroën nesa cidade. Esta área aumentou o seu VEB nun 37,1% en 1998, acadando os 97.516,6 millóns de pesetas, o que supón o 78,9% do VEB xerado polas empresas consideradas neste grupo de actividades (**cadro 4.2.3.7.**).

No concernente á **evolución da actividade**: ingresos, custos e resultados, **cadro 4.2.3.8.**, 1998 foi un bo ano para as empresas

deste subsector, que viron como o resultado de actividades ordinarias (18.682,9 millóns de pesetas) medra un 179,5% respecto a 1997 e o resultado neto do exercicio (11.301,5 millóns) medra un 109,5%. O dito cadro reflicte tamén o crecemento dos ingresos de explotación (22,7%) e o incremento do VEB e do *cash-flow*, tanto en termos absolutos (32,2% e 53,1%, respectivamente) como no que ó seu peso nos ingresos de explotación se refire.

En relación ó **investimento** e ó **financiamento**, **cadro 4.2.3.9.** en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 19,3% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 46.268,2 millóns de pesetas, un 44,5% superior ó existente o ano anterior. O 80,7% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 44,3% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 9,9% respecto ó ano anterior, supoñen o 38,7% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 11,6%, cun peso relativo do 5,2% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 347.398,5 millóns de pesetas, un 17,5% superior ó valor de 1997, dos que 107.573,2 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 0,2% superior respecto ó ano anterior). Os 239.825,3 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 27,4% en relación a 1997.

Respecto á **análise económica e financeira**, o **cadro 4.2.3.10.** amosa unha aceleración no crecemento dos ingresos e a diminución de custos como a carga financeira e os gastos de persoal dun xeito relativo. O devandito cadro reflicte tamén que a rendibilidade económica mellora levemente influenciada polo lixeiro aumento da rotación de activos e a diminución

CADRO 4.2.3.11.

Construcción naval 1998-99

	Novos contratos				Carteira de pedimentos			
	Exportación		Total		Exportación		Total	
	barcos	arqueo (1)	barcos	arqueo	barcos	arqueo	barcos	arqueo
1998	5	12.423	12	14.520	100	565.271	128	573.407
1999	4	4.115	9	47.730	59	411.013	81	491.610
99/98 (%)	-20,0	-66,9	-25,0	228,7	-41,0	-27,3	-36,7	-14,3

(1) en Gross Tonnage, equivalente a 1016,041kg
Fonte: IGE

CADRO 4.2.3.12.

Sector naval 1998: actividades que comprende o grupo

		(en millóns de pesetas)					
	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio	
Construcción e reparación de buques	104	114.139,24	30.926,23	- 303,78	127.741,42	72	
Constr., reparac. e venda de embarcacións menores	14	3.943,15	664,39	111,44	1.923,55	20	
Total	118	118.082,39	31.590,62	- 192,35	129.664,97	65	
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	1,06%	2,12%	2,94%	-0,07%	3,25%		

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.3.13.

Sector naval 1997-98: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

Núcleos	(en millóns de pesetas)		
	1997	1998	98/97
Vigo	14.078,40	15.699,78	11,5
Fene	3.687,20	6.006,49	62,9
Ferrol	2.562,68	4.164,49	62,5
Moaña	830,24	939,71	13,2
A Coruña	837,03	927,48	10,8
Marín	493,78	679,62	37,6
Gondomar	353,57	461,01	30,4
Burela	270,41	291,69	7,9

Fonte: Ardán

da marxe, en tanto que a rendibilidade financeira antes de impostos crece no período 97-98, motivada polo crecemento da rendibilidade económica e pola redución do custo da débeda.

• Naval.-

O primeiro aspecto salientable dentro deste sector é a creación do *cluster* do naval o 5 de maio de 1999, cos obxectivos de redución dos custos vía diminución dos custos fixos, aumento da eficacia e mellora dos custos totais (prevese que será como mínimo do 20%) e

aumento da competitividade. No primeiro momento está composto por 125 empresas, entre as que se atopan armadores, asteleiros, fabricantes de bens de equipamento, empresas de suministros, empresas de servizos, enxeñerías, talleres ou empresas de “chave en man”.

O cadro 4.2.3.11. reflicte a situación da construción naval en Galicia en 1999, e nel pódese observar que se produce un descenso tanto no caso dos novos contratos como no que á carteira de pedimentos se refire. Do total dos

CADRO 4.2.3.14.

Evolución da actividade no sector naval 1997-98: ingresos, custos e resultados

	1997		1998		98/97
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Ingresos de explotación	84.244,73	100,00	118.082,39	100,00	40,2
Consumo e outros gastos de explotación	59.185,88	70,25	86.491,77	73,25	46,1
Valor engadido bruto a custo dos factores	25.058,85	29,75	31.590,62	26,75	26,1
Gastos de persoal	24.704,29	29,32	28.128,61	23,82	13,9
Resultado económico bruto da explotación	354,57	0,42	3.462,01	2,93	876,4
Amortizacións	2.365,03	2,81	2.467,08	2,09	4,3
Resultado económico neto da explotación	- 2.010,46	-2,39	994,93	0,84	-
Resultado financeiro	- 2.686,33	-3,19	- 2.280,28	-1,93	15,1
Ingresos financeiros	1.473,11	1,75	1.208,18	1,02	-18,0
Gastos financeiros	4.159,44	4,94	3.488,46	2,95	-16,1
Resultado de actividades ordinarias	- 4.696,79	-5,58	- 1.285,35	-1,09	72,6
Resultado de actividades extraordinarias	1.068,79	1,27	- 1.952,37	-1,65	-
Resultado antes de impostos	- 3.628,00	-4,31	- 3.237,72	-2,74	10,8
Impostos	- 850,43	-1,01	- 578,30	-0,49	32,0
Resultado neto do exercicio	- 2.777,57	-3,30	- 2.659,42	-2,25	4,3
Cash-flow	- 412,54	-0,49	- 192,35	-0,16	53,4

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.3.15.

Evolución do investimento e do financiamento no sector naval 1997-98

	1997		1998		98/97
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Activo total	111.023,66	100,00	129.664,97	100,00	16,8
Activo fixo (neto)	33.597,87	30,26	31.533,09	24,32	-6,1
Gastos amortizables	332,49	0,30	1.059,04	0,82	218,5
Inmovilizado inmaterial	1.742,88	1,57	1.826,36	1,41	4,8
Inmovilizado material	24.833,71	22,37	25.789,91	19,89	3,9
Outro inmovilizado	6.678,30	6,02	2.846,78	2,20	-57,4
Outro activo fixo	10,50	0,01	11,00	0,01	4,8
Circulante neto	77.425,79	69,74	98.131,87	75,68	26,7
Existencias	25.931,18	23,36	37.175,98	28,67	43,4
Debedores	29.768,15	26,81	33.344,34	25,72	12,0
Tesourería	4.591,85	4,14	3.582,01	2,76	-22,0
Outro activo circulante	17.134,62	15,43	24.029,55	18,53	40,2
Fontes de financiamento	111.023,66	100,00	129.664,97	100,00	16,8
Financiamento permanente	42.736,30	38,49	43.040,75	33,19	0,7
Fondos propios	5.916,47	5,33	11.632,09	8,97	96,6
Recursos alleos l/p	32.878,82	29,61	26.650,63	20,55	-18,9
Ingresos distribuídos en varios exercicios	3.941,01	3,55	4.758,03	3,67	20,7
Acreedores a curto prazo	68.287,35	61,51	86.624,22	66,81	26,9
Fondo de rotación	9.138,44	8,23	11.507,65	8,87	25,9

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.3.16.

Sector naval 1997-98: estudio económico-financiero

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / Ingresos		Gastos persoal / Ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / Ingresos		Carga financeira / Ingresos		Cash-flow / Ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
1998	23,57%	11,41%	39,35%	23,65%	31,80%	15,89%	5,64%	3,34%	1,19%	0,96%	3,95%	3,24%
1997	14,76%	10,26%	42,72%	24,26%	32,32%	16,54%	4,87%	3,18%	1,24%	1,12%	3,74%	3,06%

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
1998	9,91%	6,80%	5,25%	3,55%	1,86	1,89	27,70%	16,90%	3,13%	2,74%	2,43	2,46
1997	8,43%	6,62%	4,84%	3,46%	1,84	1,84	24,09%	14,92%	3,58%	3,09%	2,38	2,54

Fonte: Ardán

barcos que compoñen a carteira de pedimentos (81), destacar que a meirande parte dos mesmos (59 barcos) corresponden a pedimentos para a exportación.

Como reflicte o **cadro 4.2.3.12.**, segundo o criterio de selección de empresas seguido polo Ardán o subsector do naval estaba composto por 118 empresas (non se inclúe Bazán), o 1,1% das empresas consideradas, que xeraban o 2,1% dos ingresos de explotación do conxunto de empresas seleccionadas para a economía galega, e o 2,9% do VEB total.

O subsector estaba composto por dous grandes **grupos de actividade**: o da construción e reparación de buques, con 104 empresas, e que presenta o 96,7% dos ingresos de explotación do naval e o 97,9% do seu VEB; e a actividade de construción, reparación e venda de embarcacións menores, con 14 empresas.

Atendendo ós principais **núcleos de localización**, **cadro 4.2.3.13.**, salienta a importancia da área de Vigo en canto ó VEB a custo de factores xerado polas empresas do naval. Esta área aumentou o seu VEB nun 11,5% en 1998, acadando os 15.699,8 millóns de pesetas, o que supón o 49,7% do VEB do subsector do naval galego. Fene e Ferrol son as que presentaron unha maior taxa de crecemento, experimentando crecementos superiores ó 62% en 1998 respecto ó ano anterior.

Respecto á **evolución da actividade**: ingresos, custos e resultados, os datos recollidos no **cadro 4.2.3.14.** reflicten que o ano 1998 foi un bo ano no que á evolución do VEB, do resultado económico neto de explotación e ó resultado neto do exercicio se refire. Por unha banda, o VEB a custo de factores aumenta un 26,1% respecto ó ano anterior acadando os 31.590,6 millóns de pesetas. Pola outra banda, o resultado económico neto de explotación acada os 994,9 millóns de pesetas en 1998 fronte

te ós -2.010,5 millóns do ano anterior, e as perdas descenden un 4,3% neste ano, pasando de 2.777,6 en 1997 ata os 2.659,4 de 1998.

Os ingresos de explotación aumentaron un 40,2% en 1998, polo que o peso relativo do VEB descende desde o 29,75% ata o 26,75% dese ano.

En relación ó **investimento e ó financiamento**, **cadro 4.2.3.15.** en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 11,7% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 11.507,7 millóns de pesetas, un 25,9% superior ó existente o ano anterior. O 88,3% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 33,2% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 96,6% respecto ó ano anterior, supoñen o 9% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo descenderon un 18,9%, cun peso relativo do 20,6% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 129.665 millóns de pesetas, un 16,8% superior ó valor de 1997, dos que 31.533,1 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 6,1% inferior ó existente o ano anterior). Os 98.131,9 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 26,7% en relación a 1997.

O **cadro 4.2.3.16.** recolle o **estudio económico e financeiro** do sector naval e reflicte unha mellora no crecemento dos ingresos (superior á media galega) e unha diminución de custos como os gastos de persoal e a carga financeira dun xeito relativo. A rendibilidade económica medra por mor do aumento da marxe, manténdose constante a rotación de activos, en tanto que a rendibilidade financeira antes de impostos crece influenciado pola evo-

CADRO 4.2.4.1.

Sector de bens de consumo 1998: actividades que comprende o grupo

(en millóns de pesetas)

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
Téxtil-confección	431	488.948,16	95.989,63	39.083,16	326.964,99	40
Fabricación e distribución de artigos diversos	448	134.627,86	21.420,11	4.514,33	83.622,37	19
Total	879	623.576,02	117.409,74	43.597,49	410.587,36	34
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	7,91%	11,22%	10,92%	14,92%	10,29%	

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.4.2.

Sector de bens de consumo 1997-98: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

(en millóns de pesetas)

Núcleos	1997	1998	98/97
Arteixo	50.671,26	65.060,26	28,4
A Coruña	7.155,96	8.039,61	12,3
Betanzos	5.226,92	5.501,76	5,3
Vigo	4.780,80	5.144,36	7,6
San Cibrao das Viñas	4.475,61	4.676,81	4,5
Ferrol	3.166,58	3.586,97	13,3
Ourense	2.105,80	2.423,70	15,1
Pontevedra	1.981,18	2.283,90	15,3

Fonte: Ardán

lución da rendibilidade económica e pola caída do custo da débeda.

4.2.4.- Bens de consumo

A análise do punto referido ás industrias de bens de consumo basearase na información facilitada polo Ardán e pola Dirección Rexional de Comercio Exterior.

Atendendo ó criterio de selección de empresas seguido polo Ardán, o **cadro 4.2.4.1.** reflicte que o subsector da industria de bens de consumo estaba composta por 879 empresas, o 7,9% das empresas consideradas, que xeraban o 11,2% dos ingresos de explotación do conxunto da mostra considerada para a economía galega e o 10,9% do VEB total.

Este subsector está composto por dous grandes **grupos de actividade**: o do téxtil-con-

fección, que comprendía en 1998 un total de 431 empresas que presentan o 78,4% dos ingresos de explotación das industrias de bens de consumo consideradas, e o 81,8% do VEB; e as actividades de fabricación e distribución de artigos diversos, que está formado por 448 empresas (**cadro 4.2.4.1.**).

Xeograficamente, salienta a importancia da área de Arteixo en canto ó VEB a custo de factores xerado polas empresas da industria de bens de consumo, por mor, fundamentalmente, do papel das industrias relacionadas co téxtil. Esta área aumentou o seu VEB nun 28,4% en 1998, acadando os 65.060,3 millóns de pesetas, o que supón o 55,4% do VEB do subsector do téxtil-confección (**cadro 4.2.4.2.**).

O **cadro 4.2.4.3.** recolle os datos da **evolución da actividade**: ingresos, custos e resultados. Este cadro reflicte o aumento do resulta-

CADRO 4.2.4.3.

**Evolución da actividade no sector de bens de consumo 1997-98:
 ingresos, custos e resultados**

	1997		1998		98/97
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Ingresos de explotación	515.371,99	100,00	623.576,02	100,00	21,0
Consumo e outros gastos de explotación	417.864,17	81,08	506.166,28	81,17	21,1
Valor engadido bruto a custo dos factores	97.507,82	18,92	117.409,74	18,83	20,4
Gastos de persoal	57.316,19	11,12	67.293,95	10,79	17,4
Resultado económico bruto da explotación	40.191,64	7,80	50.115,79	8,04	24,7
Amortizacións	11.773,16	2,28	13.394,61	2,15	13,8
Resultado económico neto da explotación	28.418,48	5,51	36.721,18	5,89	29,2
Resultado financeiro	4.345,68	0,84	5.543,24	0,89	27,6
Ingresos financeiros	10.841,88	2,10	11.651,29	1,87	7,5
Gastos financeiros	6.496,21	1,26	6.108,05	0,98	-6,0
Resultado de actividades ordinarias	32.764,16	6,36	42.264,42	6,78	29,0
Resultado de actividades extraordinarias	- 967,49	-0,19	- 652,71	-0,10	32,5
Resultado antes de impostos	31.796,67	6,17	41.611,71	6,67	30,9
Impostos	7.988,43	1,55	11.408,82	1,83	42,8
Resultado neto do exercicio	23.808,24	4,62	30.202,89	4,84	26,9
Cash-flow	35.581,40	6,90	43.597,49	6,99	22,5

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.4.4.

Evolución do investimento e do financiamento no sector de bens de consumo 1997-98

	1997		1998		98/97
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Activo total	340.464,64	100,00	410.587,36	100,00	20,6
Activo fixo (neto)	169.545,82	49,80	200.345,75	48,79	18,2
Gastos amortizables	4.118,92	1,21	5.449,29	1,33	32,3
Inmovilizado inmaterial	20.858,96	6,13	24.805,28	6,04	18,9
Inmovilizado material	90.967,56	26,72	107.416,57	26,16	18,1
Outro inmovilizado	53.542,87	15,73	62.636,61	15,26	17,0
Outro activo fixo	57,51	0,02	38,01	0,01	-33,9
Circulante neto	170.918,82	50,20	210.241,61	51,21	23,0
Existencias	52.941,51	15,55	64.258,12	15,65	21,4
Debedores	69.006,91	20,27	87.391,59	21,28	26,6
Tesourería	15.377,50	4,52	13.177,30	3,21	-14,3
Outro activo circulante	33.592,90	9,87	45.414,61	11,06	35,2
Fontes de financiamento	340.464,64	100,00	410.587,36	100,00	20,6
Financiamento permanente	190.529,63	55,96	218.943,34	53,32	14,9
Fondos propios	146.847,66	43,13	169.232,41	41,22	15,2
Recursos alleos l/p	42.433,92	12,46	47.534,21	11,58	12,0
Ingresos distribuídos en varios exercicios	1.248,06	0,37	2.176,72	0,53	74,4
Acreedores a curto prazo	149.935,00	44,04	191.644,02	46,68	27,8
Fondo de rotación	20.983,81	6,16	18.597,59	4,53	-11,4

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.4.5.

Sector de bens de consumo 1997-98: estudo económico-financeiro

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
1998	10,42%	11,41%	19,73%	23,65%	13,99%	15,89%	3,24%	3,34%	0,98%	0,96%	2,83%	3,24%
1997	11,62%	10,26%	20,04%	24,26%	14,05%	16,54%	3,02%	3,18%	1,05%	1,12%	2,76%	3,06%

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
1998	6,37%	6,80%	3,47%	3,55%	1,97	1,89	16,11%	16,90%	2,63%	2,74%	2,59	2,46
1997	6,42%	6,62%	3,18%	3,46%	1,91	1,84	15,13%	14,92%	2,69%	3,09%	2,61	2,54

Fonte: Ardán

do económico neto de explotación no período 97-98 do 29,2%, do resultado de actividades ordinarias nun 29% e dos beneficios, un 26,9%, no mesmo período. Asemade, apréciase un aumento do VEB en termos absolutos (20,4%), aínda que, respecto ós ingresos de explotación, descende desde o 18,92% de 1997 ata o 18,83 de 1998.

En relación ó **investimento** e ó **financiamento**, **cadro 4.2.4.4.**, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 8,8% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 18.597,6 millóns de pesetas, un 11,4% inferior ó existente o ano anterior. O 91,2% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 53,3% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 15,2% respecto ó ano anterior, supoñen o 41,2% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 12%, cun peso relativo do 11,6% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 410.587,4 millóns de pesetas, un 20,6% superior ó valor de 1997, dos que 200.345,8 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 18,2% superior ó existente o ano anterior). Os 210.241,6 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 23% en relación a 1997.

Finalmente, respecto ó **estudio económico e financeiro**, o **cadro 4.2.4.5.** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos e unha diminución de custos relativos como os gastos de persoal e a carga financeira, que explicarían parte do aumento dos resultados de 1998. Asemade, apréciase unha redución da rendibilidade económica e un crecemento da rendibilidade financeira antes de impostos por mor, esta última, da redución do custo da débeda.

No que atinxe ó comercio exterior, **cadro 4.0.11.** (*Comercio exterior 1999: distribución segundo sectores*), o saldo da balanza comercial das industrias de bens de consumo presenta un superávit de 5.810 millóns de pesetas en 1999. Considerando os grandes grupos que compoñen este sector, o subsector téxtil presenta un déficit de 5.277 millóns de pesetas e o da peletería de 936 millóns de pesetas, que é compensado polo superávit de outros bens de consumo (12.025 millóns de pesetas)

Atendendo á desagregación provincial, a provincia de A Coruña presenta un superávit de 9.702 millóns de pesetas por mor do papel do sector téxtil (o seu superávit é de 5.075 millóns). Asemade, esta provincia tamén é a máis importante no que á industria peleteira se refire, cun déficit de 156 millóns de pesetas. A provincia de Pontevedra é a máis importante ó falar da industria de “outros bens de consumo”, onde o seu superávit é de 7.555 millóns de pesetas.

• *Téxtil-Confección.-*

O **grupo de actividades** do téxtil-confección comprende, entre outras, as actividades relacionadas co tecido e confección de prendas de vestir en téxtiles; os fabricantes de prendas de punto e xéneros; fabricantes de complementos e accesorios; maioristas de téxtiles, prendas de vestir e artigos relacionados; e distribución minorista de téxtiles e prendas de vestir. Atendendo ós criterios de selección de empresas de Ardán, este grupo de actividades está formado por 431 empresas que manteñen un emprego medio de 49 traballadores por empresa. As empresas consideradas xeran o 8,8% dos ingresos de explotación e o 8,9% do VEB do total das empresas galegas consideradas polo Ardán.

Dentro das actividades do grupo salienta o conxunto de actividades de tecido e confección de prendas de vestir en téxtil, onde as 159 empresas facturaron 256.829,9 millóns de pese-

CADRO 4.2.4.6.

Complexo téxtil e da confección 1998: actividades que comprende o grupo

(en millóns de pesetas)

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
Tecido e confección de prendas de vestir en téxtil	159	256.829,87	40.489,16	21.364,52	190.630,06	52
Fabricantes de complementos e accesorios	9	14.213,59	2.106,93	694,44	5.281,22	58
Fabricantes de prendas de punto e xéneros	24	8.131,81	3.301,86	781,73	7.330,33	45
Outras industrias téxtiles	16	14.732,55	2.553,01	1.059,79	8.411,32	30
Maioristas de téxtiles, prendas de vestir e art. relac.	102	25.133,26	3.474,53	554,58	13.975,35	11
Distr. minorista de téxtiles e prendas de vestir	121	169.907,08	44.064,14	14.628,12	101.336,72	77
Total	431	488.948,16	95.989,63	39.083,16	326.964,99	49
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	3,88%	8,80%	8,93%	13,38%	8,20%	

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.4.7.

Complexo téxtil e da confección 1997-98: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

(en millóns de pesetas)

Núcleos	1997	1998	98/97
Arteixo	50.634,86	65.025,70	28,4
A Coruña	4.836,07	5.552,04	14,8
San Cibrao das Viñas	4.414,14	4.605,66	4,3
Ferrol	2.378,59	2.702,45	13,6
Vigo	2.267,52	2.597,46	14,6
Lalín	1.796,88	1.806,97	0,6
Ourense	1.131,37	1.343,33	18,7
Ordes	1.005,73	1.193,79	18,7

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.4.8.

Evolución da actividade no complexo téxtil e da confección 1997-98: ingresos, custos e resultados

	1997		1998		98/97
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Ingresos de explotación	394.317,31	100,00	488.948,16	100,00	24,0
Consumo e outros gastos de explotación	316.191,92	80,19	392.958,54	80,37	24,3
Valor engadido bruto a custo dos factores	78.125,39	19,81	95.989,63	19,63	22,9
Gastos de persoal	40.666,59	10,31	49.378,69	10,10	21,4
Resultado económico bruto da explotación	37.458,80	9,50	46.610,94	9,53	24,4
Amortizacións	9.671,29	2,45	11.130,45	2,28	15,1
Resultado económico neto da explotación	27.787,51	7,05	35.480,49	7,26	27,7
Resultado financeiro	4.934,52	1,25	5.778,79	1,18	17,1
Ingresos financeiros	9.729,03	2,47	10.453,69	2,14	7,4
Gastos financeiros	4.794,51	1,22	4.674,91	0,96	-2,5
Resultado de actividades ordinarias	32.722,03	8,30	41.259,28	8,44	26,1
Resultado de actividades extraordinarias	- 235,52	-0,06	- 3.068,06	-0,63	-1202,7
Resultado antes de impostos	32.486,51	8,24	38.191,22	7,81	17,6
Impostos	8.206,92	2,08	10.238,50	2,09	24,8
Resultado neto do exercicio	24.279,59	6,16	27.952,72	5,72	15,1
Cash-flow	33.950,88	8,61	39.083,16	7,99	15,1

Fonte: Ardán

CADRO 4.2.4.9.

*Evolución do investimento e do financiamento
no complexo téxtil e da confección 1997-98*

	1997		1998		98/97
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Activo total	267.031,78	100,00	326.964,99	100,00	22,4
Activo fixo (neto)	134.805,59	50,48	159.276,98	48,71	18,2
Gastos amortizables	2.690,78	1,01	3.096,67	0,95	15,1
Inmovilizado inmaterial	18.514,48	6,93	22.397,24	6,85	21,0
Inmovilizado material	70.719,46	26,48	86.378,77	26,42	22,1
Outro inmovilizado	42.842,73	16,04	47.378,35	14,49	10,6
Outro activo fixo	38,15	0,01	25,95	0,01	-32,0
Circulante neto	132.226,19	49,52	167.688,01	51,29	26,8
Existencias	33.468,07	12,53	44.178,61	13,51	32,0
Debedores	54.828,34	20,53	71.288,11	21,80	30,0
Tesourería	11.496,31	4,31	8.457,27	2,59	-26,4
Outro activo circulante	32.433,48	12,15	43.764,02	13,38	34,9
Fontes de financiamento	267.031,78	100,00	326.964,99	100,00	22,4
Financiamento permanente	149.987,42	56,17	177.762,51	54,37	18,5
Fondos propios	124.760,92	46,72	145.063,44	44,37	16,3
Recursos alleos l/p	24.327,97	9,11	30.868,42	9,44	26,9
Ingresos distribuídos en varios exercicios	898,54	0,34	1.830,64	0,56	103,7
Acreedores a curto prazo	117.044,36	43,83	149.202,48	45,63	27,5
Fondo de rotación	15.181,83	5,69	18.485,53	5,65	21,8

Fonte: Ardán

tas, o 52,5% do total dos ingresos de explotación do subsector téxtil, cun VEB de 40.489,2 millóns de pesetas, o 42,2% do VEB total deste subsector. As 121 empresas relacionadas coa distribución minorista de téxtiles e prendas de vestir son as que presenta un maior VEB con 44.064,1 millóns de pesetas, o que representa o 45,9% do total xerado polo subsector (**cadro 4.2.4.6.**).

A provincia de A Coruña é a que xera un maior valor engadido, salientando a área de Arteixo (por mor de Inditex), que, con 65.025,7 millóns de pesetas, aporta o 67,7% do total de VEB xerado por esta actividade en Galicia en 1998. A área de A Coruña, con 5.552 millóns, é a segunda en importancia, aportando o 5,8% do total xerado polas empresas pertencentes a este subsector (**cadro 4.2.4.7.**).

O **cadro 4.2.4.8.** reflicte a **evolución da actividade:** ingresos, custos e resultados. En

1998 prodúcese un aumento do VEB a custo de factores nun 22,9% respecto ó ano anterior, xunto ó incremento do resultado económico neto de explotación (27,7%), do resultado de actividades ordinarias (26,1%) e do resultado neto do exercicio (15,1%). Os ingresos de explotación experimentan un crecemento do 24% respecto a 1997, polo que o peso relativo do VEB descende dun 19,81% ata o 19,63%.

En relación ó **investimento** e o seu **financiamento**, **cadro 4.2.4.9.**, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 11% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 18.485,5 millóns de pesetas, un 21,8% superior ó existente o ano anterior. O 89% restante está financiado polos acreedores a curto prazo.

No concernente ás fontes de financiamento, o 54,4% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran

CADRO 4.2.4.10.

Complexo téxtil e da confección 1997-98: estudo económico-financeiro
Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
1998	10,27%	11,41%	23,45%	23,65%	17,05%	15,89%	3,88%	3,34%	1,22%	0,96%	3,57%	3,24%
1997	11,89%	10,26%	23,60%	24,26%	17,55%	16,54%	3,45%	3,18%	1,35%	1,12%	2,93%	3,06%

Complexo téxtil e da confección 1997-98: rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
1998	6,91%	6,80%	4,19%	3,55%	1,82	1,89	16,11%	16,90%	3,13%	2,74%	2,36	2,46
1997	6,67%	6,62%	3,73%	3,46%	1,83	1,84	14,43%	14,92%	3,48%	3,09%	2,45	2,54

Fonte: Ardan

un 16,3% respecto ó ano anterior, supoñen o 44,4% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medran un 26,9%, cun peso relativo do 9,4% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 326.965 millóns de pesetas, un 22,4% superior ó valor de 1997, dos que 159.277 millóns corresponden ó activo fíxo neto (un 18,2% superior ó existente o ano anterior). Os 167.688 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 26,8% en relación a 1997.

En relación á **análise económica e financeira**, o **cadro 4.2.4.10**. reflicte unha desaceleración do ritmo de crecemento dos ingresos, así como unha caída de custos relativos como os gastos de persoal e a carga financeira. A rendibilidade económica increméntase por mor da evolución da marxe xa que a rotación presenta unha evolución negativa, mentres que a rendibilidade financeira antes de impostos tamén se incrementa, dada a evolución da rendibilidade económica e a redución do custo da débeda. ■